| CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero. | Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade aceptando a diversidade cultural. | PE | 50 |
| CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía. | Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos. | | |
| CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto. | TI | 50 |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo. | | |
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa. | | |
| CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente. | Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de - Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 7 | A Idade Media | 7 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. | Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común. | PE | 60 |
| CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos. | Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade. | | |
| CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia. | Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a identidade de xénero. | | |
| CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto. | TI | 40 |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo. | | |
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). - O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 8 | A Idade Moderna | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. | Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común. | PE | 60 |
| CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos. | Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade. | | |
| CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia. | Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a identidade de xénero. | | |
| CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. | Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto. | TI | 40 |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo. | | |
| CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. |

Contidos

- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

En cada trimestre, realizaremos unha actividade ou proxecto relacionado coas unidades didácticas traballadas:

1º Trimestre: Realizar unha ruta ou sendeiro próximo no que colaboraremos na recollida de especies vexetais invasoras. Despois, traballo interdisciplinar para elaborar un mapa en papel continuo con toda a simboloxía, realizar un estudo sobre a fauna e a flora do lugar, actividades do traballo que se realizan, sustentabilidade...

2º Trimestre: Realizar un proxecto sobre economía de empresa. Como formar unha cooperativa real.

3º Trimestre: Continuamos co proxecto do trimestre anterior. Nocións sobre contabilidade de empresa, impostos, gastos, beneficios.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto dixital (Netex- Edixgal) |
| Ordenador de aula e encerado dixital |
| Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...) |
| Computadores |
| Globo Terráqueo |
| Mapas e planisferios |
| Libreta ou caderno |

| |
|-----------------------|
| Liveworksheet |
| Writer // Word |
| Impress // Powerpoint |
| Google Earth |

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 13 | 13 | 13 | 12 | 12 | 12 | 12 | 13 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 50 | 60 | 40 | 60 | 50 | 60 | 60 | 55 |
| Táboa de indicadores | 40 | 50 | 40 | 60 | 40 | 50 | 40 | 40 | 45 |

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final será a media dos tres primeiros trimestres.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | | | X | X | | X |
| ET.5 - Creatividade | X | X | | X | | X | | |
| ET.6 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para o consumo responsable | | | X | X | | X | | |
| ET.10 - Desenvolvemento sustentable | X | | X | X | | X | | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito | | | | | X | X | | |
| ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Saída ás inmediacións do colexio. | Coñecer a importancia de conservar e mellorar o noso medio natural. | X | | |
| Saída a un lugar emblemático da Cidade | Coñecer a historia da cidade e o seu reflexo na actualidade. | | X | |
| Obradoiro informativo sobre dinámicas empresariais. | Coñecer prácticas e dinámicas emprendedoras do mundo empresarial. | | | X |

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |

| |
|--|
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa? |
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados? |
| Metodoloxía empregada |
| Conseguise motivar ao alumnado? |
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado? |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas? |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas? |
| Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro? |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe? |
| Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Cal é o grao de coordinación docente? |
| Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso? |

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados